



## **Resolución da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto vacante no cadro de persoal laboral.**

Vacante na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante Axencia) o posto de traballo que se indican no anexo a esta resolución, e sendo necesaria a súa provisión, esta Dirección Xeral convoca publicamente a provisión de dito posto, mediante o sistema de libre designación, con suxeición ás seguintes:

### **BASES**

#### **1. Requisitos**

Poderá tomar parte nesta convocatoria o persoal fixo da Axencia que pertenza ao grupo profesional II ou I, calquera que sexa a súa situación administrativa, agás os suspensos en firme. As persoas solicitantes deberán reunir os requisitos que se especifican no anexo para os postos de traballos ofertados.

#### **2. Solicitudes**

As solicitudes dirixiranse á directora xeral da Axencia, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. As persoas aspirantes deberán xuntarlle un currículo á solicitude e xustificar debidamente os méritos que aleguen. A presentación de solicitudes deberá facerse de forma electrónica segundo o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPACAP). Os erros de feito poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por petición da persoa interesada.

#### **3. Provisión**

A provisión realizarase entre os/as traballadores/as que acrediten reunir as aptitudes necesarias para o desempeño do posto.

#### **4. Impugnacións**

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral da Axencia no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na LPACAP, ou demanda ante o Xulgado do Social competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, de acordo co disposto nos artigos 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE nº245, do 11/10/2011).





## ANEXO

Código do posto	Denominación do posto	Requisitos
AGDR 01 02 00	Xefe/a da Área Xurídica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Licenciatura en dereito ou equivalente</li><li>- Coñecemento lingua galega</li><li>- Coñecemento informática</li><li>- Coñecementos sobre contratación pública e administración electrónica.</li></ul> <p>Valorarase de forma adicional ter coñecementos en materia de transparencia e bo goberno, relativos a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.</p>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural  
Inés Santé Riveira

